



| Teaching Guide      |  |        |   |         |
|---------------------|--|--------|---|---------|
| Identifying Data    |  |        |   | 2018/19 |
| Subject (*)         | Teaching Physical Activity and Sport   | Code   | 620G01001   |         |
| Study programme     | Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte   |        |   |         |
| Descriptors         |  |        |   |         |
| Cycle               | Period   | Year   | Type  | Credits |
| Graduate            | 1st four-month period  | First  | Basic training                                      | 6       |
| Language            | Spanish  |        |   |         |
| Teaching method     | Face-to-face   |        |   |         |
| Prerequisites       |  |        |   |         |
| Department          | Educación Física e Deportiva   |        |   |         |
| Coordinador         | Gonzalez Valeiro, Miguel Angel   | E-mail | miguel.gonzalez.valeiro@udc.es                      |         |
| Lecturers           | Gonzalez Valeiro, Miguel Angel<br>Toja Reboledo, Maria Belen   | E-mail | miguel.gonzalez.valeiro@udc.es<br>belen.toja@udc.es |         |
| Web                 |  |        |   |         |
| General description | Bases conceptuais pedagóxicas. A educación como proceso de comunicación. Introducción aos principais elementos didácticos. Teorías críticas da educación. Introducción ao sistema educativo. Exercicio profesional como servizo e vocación educativa. Fundamentos curriculares para a programación da educación física escolar. O centro escolar, a educación física e a actividade deportiva e recreativa como lugar de educación de valores. |        |   |         |

| Study programme competences / results |  |
|---------------------------------------|--|
| Code                                  | Study programme competences / results  |
| A4                                    | Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.   |
| A6                                    | Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas?) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.             |
| A7                                    | Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.                            |
| A8                                    | Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino e aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).                           |
| A9                                    | Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.                                  |
| A10                                   | Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.   |
| A11                                   | Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.   |
| A13                                   | Identificar as principais tarefas do profesor de educación física dentro e fóra da aula, resaltando as que fan referencia á súa labor tutorial, orientadora e departamental.   |
| B3                                    | Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B4                                    | Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.  |
| B7                                    | Xestionar a información.   |
| B11                                   | Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.  |
| B14                                   | Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.   |
| B15                                   | Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?). |
| B17                                   | Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.  |
| B18                                   | Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.                         |



|    |  |
|----|--|
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |

| Learning outcomes   |                                       |                                     |                      |
|---|---------------------------------------|-------------------------------------|----------------------|
| Learning outcomes   | Study programme competences / results |                                     |                      |
| Analizar criticamente todas as circunstancias e feitos que rodean á educación   | A7<br>A8                              | B3<br>B4<br>B7<br>B11<br>B15<br>B18 | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |
| Abordar reflexivamente as reformas educativas e as súas implicacións no ámbito das actividades físico-deportivas.                             | A6<br>A8<br>A10                       | B14                                 | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |
| Comprender as bases da educación e os principios da educación física e o deporte para a formación integral das persoas                        | A4<br>A6                              | B15<br>B18                          | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |
| Coñecer e comprender os fundamentos curriculares da educación física formal   | A6<br>A8<br>A9<br>A10<br>A11          | B3<br>B14<br>B15<br>B17             | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |
| Comprender e aplicar os principios conductuales no contexto educativo, recreativo, da actividade física e a saúde e do adestramento deportivo | A7<br>A8<br>A13                       | B3<br>B11<br>B15                    | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |
| Desenvolver actitudes favorables cara á colaboración interdisciplinar e o traballo en equipo.   | A4                                    | B3<br>B4<br>B18                     | C1<br>C3<br>C4<br>C7 |

| Contents   |  |
|--|--|
| Topic  | Sub-topic  |
| Tema 1. Conceptos básicos da Pedagogía da actividade física e do deporte | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación, a Pedagogía e as Ciencias da Educación</li> <li>- A Pedagogía da actividade física e do deporte: Educación Física e Pedagogía Deportiva</li> <li>- Perspectiva ecolóxica da Educación Física: O centro educativo e o profesorado de EF como eixo do fomento dos estilos de vida activos para a formación dun alumnado ben educado fisicamente</li> </ul> |



|   |   |
|---|---|
| Tema 2. Teorías críticas da educación e a súa incidencia na escola actua e no contexto da EF e o deporte. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ideoloxías, curriculum oculto e a súa implicación na EF e no deporte.</li> <li>- A teoría da reprodución</li> <li>- As teorías da produción: corrente comunicativa</li> </ul>  |
| Tema 3. Condicionantes do proceso de ensino-aprendizaxe   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estilos de comunicación e estilos de ensino</li> <li>- O profesor/a de Educación Física</li> <li>* O pensamento do profesor/a: Coñecemento profesional e preocupacións docentes</li> <li>* O comportamento do profesor/a: Destrezas docentes</li> <li>- O alumno/a ben educado/a fisicamente</li> <li>* O pensamento do/o alumno/a: Autoconcepto, percepcións, motivación, atención e atribución causal</li> <li>* O comportamento do/o alumno/a: Aspectos cuantitativos (variables de contexto, programa e diferenzas individuais) e cualitativos (estilos de participación)</li> </ul> |
| Tema 4. A Educación física na escola na lexislación actual.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción aos elementos curriculares</li> <li>- Lexislación educativa</li> <li>- Proceso de concreción curricular: desde a lei á aula</li> <li>- Interdisciplinaridad e transversalidade</li> </ul>   |
| Tema 5.- Atención á diversidade e educación en valores na Educación Física e no deporte en idade escolar  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de intervención educativos</li> <li>- Atención á diversidade individual e social na Educación Física</li> <li>- Aprendizaxe cooperativo</li> <li>- Educación en valores</li> <li>- Valores abordables desde a EF e o deporte en idade escolar</li> <li>- Experiencias de educación en valores</li> </ul>  |

| Planning                       |   |                                      |                               |             |
|--------------------------------|---|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests          | Competencies / Results  | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Document analysis              | A4 A9 A10 A13 B7 C1<br>C3   | 0                                    | 8                             | 8           |
| Student portfolio              | A4 A6 A7 A8 A9 A10<br>A11 B3 B4 B7 B11<br>B14 B15 B18 C1 C3<br>C4 | 18                                   | 30                            | 48          |
| Guest lecture / keynote speech | A4 A6 A7 A8 A9 A10<br>A11 A13 B4 B7 B11<br>B14 B15 B17 B18 C4     | 20                                   | 20                            | 40          |
| Long answer / essay questions  | A4 A6 A7 A8 A9 A10<br>A11 A13 B7 B14 B15<br>B17 C1 C3             | 5                                    | 26                            | 31          |
| Collaborative learning         | A7 A8 A9 B4 B7 C1<br>C3 C7  | 8                                    | 12                            | 20          |
| Personalized attention         |   | 3                                    | 0                             | 3           |

(\* )The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies |             |
|---------------|-------------|
| Methodologies | Description |
|               |             |



|                                |  |
|--------------------------------|--|
| Document analysis              | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.        |
| Student portfolio              | É un cartafol ou archivarior ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc. |
| Guest lecture / keynote speech | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como Cconferencia o método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.  |
| Long answer / essay questions  | Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.   |
| Collaborative learning         | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.  |

## Personalized attention

| Methodologies                                      | Description  |
|--|--|
| Student portfolio<br>Long answer / essay questions | As actividades reflexadas son aquelas que demandan a asistencia do alumno as titorías. Nesta materia contemplanse 3 tipos diferentes de titorías:<br>- En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse a indicación do profesorado para revisar actividades que teñana que ver co contido da materia<br>- Tutorías individualizadas utilizando a plataforma moodle.<br>- Tutorías personales/grupales no despacho do profesorado.<br><br>O alumnado con matrícula a tempo parcial, falará cos docentes para consensuar os criterios de asistencia e avaliación paracada unha das oportunidades. |

## Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|---------------|------------------------|-------------|---------------|
|---------------|------------------------|-------------|---------------|



|                               |   |  |    |
|-------------------------------|---|--|----|
| Collaborative learning        | A7 A8 A9 B4 B7 C1<br>C3 C7                            | <p>- As actividades avaliadas, terán un valor de 3 puntos, realizándose 8 actividades de este carácter.</p> <p>-Elaboración dunha proposta/ proxecto baseada no fomento de estilos de vida activos e saudables no contexto do centro educativo</p> <p>* Terá un valor final de 2 puntos.</p> <p>* Se realizará por parellas.</p> <p>* Incorporará avaliación recíproca e autoevaluación.</p>   | 50 |
| Long answer / essay questions | A4 A6 A7 A8 A9 A10<br>A11 A13 B7 B14 B15<br>B17 C1 C3 | <p>o Se realizarán dos probas, cada unha con un valor 2,5 puntos.</p> <p>o A primeira se corresponderá cos temas 1 ao 3 e se celebrará unha vez finalizados dichos temas, a segunda con o 4 e 5, coincidirá coa data establecida para o exame final da oportunidade de xaneiro no calendario oficial de exames.</p> <p>o Se non supera a primeira proba poderá presentarse con toda a materia na proba final de xaneiro.</p> <p>o Cada proba exixirá unha calificación do 50% para ser superada.</p> | 50 |

Assessment comments



O alumnado con matrícula a tempo parcial, deberá falar co profesorado para acordar os criterios de avaliación para cada unha das oportunidades. Os que non se atopen nesa situación especial, poderán elixir entre un sistema de avaliación continua ou de avaliación final.

## 1. AVALIACIÓN CONTINUA

Optar por este sistema de avaliación implica a asistencia polo menos ao 70% das clases presenciais, a elaboración do portafolio, a entrega de todas as actividades evaluativas (en tempo e forma) e a realización da proposta/ proxecto, obtendo entre estas dúas últimas, polo menos 2,5 puntos.

### a. Portafolio.

- Non ten valor numérico, pero a súa entrega será requisito imprescindible para optar á avaliación continua.
- Ao finalizar cada tema, cada estudante presentará unha folla de coevaluación asinada por un compañeiro co contido do seu portafolio.
- Unha vez realizado a proba de ensaio final da materia, cada alumno mostrará ao profesorado o portafolio con todo o contido da materia

### b. Actividades evaluativas.

- Actividades realizadas no horario de clase programado ou nas non presenciais. Segundo a actividade, poderá utilizarse a clase dos luns para xuntar ambos os grupos en horario de 9:00 a 11:00.

- Se realizarán 8 actividades cun valor total de 3 puntos:

\* Dúas actividades en cada un dos temas 1, 2 e 3 (o valor de cada unha será de 0,3)

\* Unha actividade en cada un os temas 4 e 5 (o valor será de 0,6)

### c. Proposta/proxecto de intervención

- O produto final terá un valor de 2 puntos.
- Cumprirá a estrutura que se presenta no Anexo I
- Cada parella asistirá, polo menos, a dúas tutorías para a supervisión do traballo.

### d. Probas de ensaio

- Se realizarán dúas probas, cada unha cun valor 2,5 puntos:

\* A primeira corresponderase cos temas 1, 2 e 3.

\* A segunda co 4 e 5, coincidirá coa data establecida para o exame final da oportunidade de xaneiro no calendario oficial de exames.

\* Se se supera a primeira proba, presentarase á segunda só cos temas 4 e 5. Se non se supera a primeira proba presentarase con toda a materia na proba final de xaneiro.

\* Cada proba esixirá unha cualificación do 50% para ser superada.

As preguntas desta proba presentarase en castelán, poderase realizar en calquera dos dous idiomas oficiais da Universidade da Coruña. O que desexe as preguntas en galego deberá solicitalo ao profesorado, polo menos cunha semana de antelación á data de realización.

Consideracións para o mantemento de cualificacións e/ou partes da materia:

- Se tras o sumatorio das actividades de avaliación e do produto final do proxecto, o alumno non alcanzase os 2,5 puntos, poderá presentar as actividades e/ou o proxecto mellorados e corrixidos para a oportunidade de xullo.
- Ao que supere o 2,5 anteriormente mencionado en calquera das dúas oportunidades, pero que suspenda a proba de ensaio, gardaráselle esta parte da cualificación para futuras convocatorias. Isto será igualmente de aplicación para o alumnado de cursos anteriores.
- Ao que supere só una das probas de ensaio, manteráselle a cualificación para a oportunidade de xullo, pero non para futuras convocatorias.

## 2. AVALIACIÓN FINAL

Optará a ela, o alumnado que perda o dereito á avaliación continua e aquel que así o desexe. Non elaborarán o portafolio, nin se presentarán ás probas parciais, nin estarán obrigados a cumprir a asistencia.

Han de realizar a proba final na data marcada no calendario oficial de exames e para superar a materia deberá obter ou superar o 70% (7 sobre 10 puntos).

O alumnado con matrícula a tempo parcial, falará cos docentes para consensuar os criterios de asistencia e avaliación paracada unha das oportunidades.

## DATAS EXAMES

1ª

Proba de Ensaio

(orientativa)



Oportunidade de xaneiro

Oportunidade de xullo

14 de novembro (16:00H)

8 xaneiro(9:00 H)

28 xuño (9:00 H)



## Sources of information

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <p><b>Basic</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- VAZQUEZ GOMEZ, B. Y OTROS ((2001)). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Madrid. Síntesis</li> <li>- AYUSTE, A., FLECHA, R., y OTROS ( (1994) ). Planteamientos de la pedagogía crítica. Comunicar y transformar. Barcelona. Graó.</li> <li>- MINISTERIO DE EDUCACION ((2006)). (BOE n. 106 DE 4/5/2006)Ley Orgánica de Educación .</li> <li>- MINISTERIO DE EDUCACIÓN (2013). Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. BOE nº 295, de 10 de diciembre de 2013.</li> <li>- XUNTA DE GALICIA ((2007)). Novos Currículos de Educación Secundaria Obligatoria en la Comunidad Autonoma de Galicia. Santiago: Xunta de Galicia</li> <li>- LLEIXA, T.y OTROS ((2002)). Multiculturalismo y Educación Física. Barcelona. Paidotribo.</li> <li>- UREÑA, F. (Coordinador) (2010). La educación física en secundaria basada en competencias.Proyecto curricular y programación.. Barcelona. Inde</li> </ul> <p>Esta bibliografía básica puede verse modificada a principio de curso por la aparición de nuevas fuentes de documentación que se consideren interesantes para la materia</p>  |
| <p><b>Complementary</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- PRAT, M. y SOLER, S. ( (2003) ). Actitudes, valores y normas en la educación física y el deporte. Barcelona.Inde.</li> <li>- LLEIXA, T. y SOLER,S. ( (2004)). Actividad física y deporte en las sociedades multiculturales. Barcelona. Horsori.</li> <li>- PUJOLAS, P. ((2001)). Atención a la diversidad y aprendizaje cooperativo en educación obligatoria. Málaga. Aljibe</li> <li>- SIEDENTOP, D. ((1998)). Aprender a enseñar. Barcelona. INDE</li> <li>- LOPEZ PASTOR, V., MONJAS,R. Y PEREZ,D. ((2003)). Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física.. Barcelona. Inde.</li> <li>- TINNING, R. ( (1990)). Ideology and physical education. Geelong. Deakin University.</li> <li>- CARRANZA, M. y MORA, J.M. ((2003)). Educación Física y valores: educando en un mundo complejo.. Barcelona. Graó.</li> <li>- SICILIA, A. y FERNÁNDEZ-BALBOA (Coordinadores) ((2005)). La otra cara de la enseñanza. La educación Física desde una perspectiva crítica.. Barcelona. INDE</li> <li>- SANTOS GUERRA, M.A. ((2008)). La pedagogía contra Frankenstein. Y otros textos sobre el desaliento educativo. Barcelona. Graó</li> <li>- PIÉRON, M. ((1999) ). Para una enseñanza eficaz de las actividades físico-deportivas. Barcelona. Inde.</li> <li>- ESCARTÍ, A. (coord.) ((2005)). Responsabilidad personal y social a través de la educación física y el deporte. Barcelona. Graó</li> <li>- IMBERNÓN, F.(coord) ((2005)). Vivencias de maestros y maestras. Compartir desde la práctica educativa. Barcelona. Graó</li> <li>- CONTRERAS, O. y CUEVAS, R. (coords.) (2011). Las competencias básicas en la educación física.. Barcelona. Inde</li> </ul> |

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

Psychology of Physical Activity and Sport/620G01011  
 Sociology of Physical Activity and Sport/620G01015  
 Teaching/Learning Processes in Physical Activity and Sport/620G01022  
 Planning Teaching/Learning Processes in Physical Activity and Sport/620G01035  
 Theory and Practice of Sports Training/620G01037  
 Practicum/620G01040

### Other comments





(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.